



ASUNTO	ORZAMENTO 2026: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
TRÁMITE	Informe- proposta do Museo

A xefatura de xestión do Museo coa conformidade do Vicepresidente, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, de cara a xustificación dos gastos a efectuar que a continuación se relacionan, e que comparten a característica común, de que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non resulta suficiente o crédito existente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, elabora o presente

### INFORME

#### 1.- BIENAL ARTES VIVAS 2026

Considérase necesario dotar de crédito suficiente o proxecto de gasto 26\_0003 *BIENAL DE ARTES VIVAS 2026* destinado a financiar os gastos derivados da organización, produción, comunicación, honorarios artísticos, mediación cultural, loxística e demais actuacións necesarias para a celebración da Bienal de Artes Vivas durante o exercicio 2026.

O proxecto de gasto da Bienal de Artes Vivas 2026, que terá lugar no mes de xullo de 2026, foi inicialmente dotado cun crédito de 159.000,00€, importe resultante dunha estimación preliminar realizada nun momento no que a programación do evento non se atopaba definida.

Naquela fase inicial, o centro xestor non dispoñía dos elementos necesarios para determinar con precisión a totalidade dos custos asociados á organización e execución da actividade, polo que a contía consignada tiña carácter estimativo.

Unha vez definida a programación por parte do comisario da Bienal, e tras a correspondente análise detallada das necesidades técnicas, artísticas e loxísticas derivadas da súa execución, procedeuse á actualización da estimación económica do proxecto. Como resultado desta revisión, conséntase que o crédito inicialmente consignado resulta insuficiente para facer fronte á totalidade dos gastos necesarios.

En consecuencia, resulta preciso incrementar a dotación orzamentaria do proxecto nun importe adicional de 50.500,00€, co fin de garantir a adecuada cobertura financeira de todas as actuacións previstas e asegurar a correcta execución da Bienal de Artes Vivas nas condicións programadas.

Á vista do exposto, propónse a tramitación dunha suplementación de crédito polo importe indicado, sendo imprescindible dotar de crédito suficiente a aplicación orzamentaria destinada a traballos realizados por outras empresas.



Aplicación orzamentaria	Importe
333.3341.226.99 – Outros, proxecto de gasto 26_0003 BIENAL DE ARTES VIVAS 2026	50.500,00€

## 2.- ADQUISICIÓN DE OBRAS DE ARTE

O Museo, no cumprimento das súas funcións de conservación, investigación, enriquecemento e difusión do patrimonio artístico e cultural galego, considera necesario proceder á adquisición de diversas obras de arte de especial interese histórico, artístico e patrimonial para a colección permanente da institución.

Entre outras adquisicións de menor custe, atópase a adquisición dun abano isabelino realizado en 1865 pola prestixiosa fábrica Alexandre de París e o recoñecido escultor e tallista pontevedrés Mariano Cousiño Vázquez, responsable do traballo decorativo de varillaxe de marfil, estimado nun prezo de 11.500,00 €; a adquisición do cadro “Mulleres” de Isaac Díaz Pardo, cunha oferta de venda de 35.000,00 € e a escultura de Isidro Brocos (actualmente depositada no Museo) por valor de 18.000,00 €.

O importe total destas adquisicións ascende a 64.500,00€, sendo necesario incrementar a aplicación orzamentaria correspondente en 33.500,00€ para poder afrontar estas incorporacións patrimoniais.

A adquisición destas obras responde ao interese público e cultural que representa o fortalecemento da colección do Museo, permitindo completar e mellorar a representación de artistas e tipoloxías artísticas relevantes dentro do discurso expositivo e da misión institucional.

No caso da obra “Mulleres” de Isaac Díaz Pardo, trátase dunha incorporación especialmente significativa, dado que o Museo non conta actualmente con ningunha obra deste destacado artista galego, figura fundamental da cultura contemporánea de Galicia, tanto no ámbito artístico como intelectual e empresarial. A adquisición permite cubrir unha carencia relevante na colección permanente e reforzar a representación da arte galega do século XX.

Respecto da escultura de Isidro Brocos, cómpre salientar que a obra xa se atopa no Museo en réxime de depósito, formando parte do discurso museográfico e sendo obxecto de conservación e difusión pola institución. A súa adquisición definitiva garante a estabilidade e permanencia da peza na colección pública, asegurando a súa conservación futura e evitando a posible perda dunha obra de grande interese patrimonial.



Pola súa banda, o abano de marfil constitúe unha peza singular de valor artístico e histórico, de especial interese para enriquecer as coleccións vinculadas ás artes decorativas e ao patrimonio material conservado polo Museo.

Os museos, como institucións públicas ao servizo da sociedade, teñen entre as súas funcións principais a adquisición e conservación de bens culturais co obxectivo de protexer o patrimonio, completar as coleccións públicas, favorecer a investigación e garantir o acceso da cidadanía á cultura. A compra de obras de arte permite preservar bens de relevancia histórica e artística dentro do patrimonio público, evitando a súa dispersión e asegurando a súa transmisión ás futuras xeracións.

Por todo o anteriormente exposto, considérase plenamente xustificado o incremento de 33.500,00 € na aplicación orzamentaria destinada á adquisición de obras de arte. Á vista do exposto, propónse a tramitación dunha suplementación de crédito polo importe indicado, sendo imprescindible dotar de crédito suficiente a aplicación orzamentaria destinada á adquisición de obras de arte.

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.689.01 – Adquisición de obras de arte	33.500,00€

### 3.- ADQUISICIÓN DUN PIANO

O Museo considera necesaria a adquisición dun novo piano destinado ás actividades culturais, musicais e institucionais que se desenvolven habitualmente nas súas instalacións.

O instrumento actualmente dispoñible é unha peza de considerable antigüidade que, debido ao seu estado de conservación e desgaste derivado do paso do tempo e do uso continuado, require intervencións técnicas e labores de mantemento constantes para garantir o seu correcto funcionamento. Estas actuacións supoñen un elevado custo económico recorrente, ademais de limitar a súa fiabilidade e dispoñibilidade para a programación cultural do centro.

A adquisición dun novo piano permitirá asegurar unhas condicións técnicas e acústicas adecuadas para o desenvolvemento de concertos, actividades didácticas, actos institucionais e demais iniciativas culturais promovidas polo Museo, garantindo ao mesmo tempo unha maior eficiencia económica a medio e longo prazo ao reducir significativamente os gastos de reparación, afinación extraordinaria e mantemento especializado asociados ao instrumento actual.

Así mesmo, a renovación deste equipamento contribúe á mellora da calidade das actividades ofrecidas ao público e ao cumprimento das funcións de difusión cultural e promoción artística propias da institución museística.



Para facer fronte a esta adquisición estímase necesario un gasto de 15.000,00 €, importe que permitirá dotar ao Museo dun instrumento axeitado ás necesidades actuais da institución e ás características da súa programación cultural.

Á vista do exposto, propónse a tramitación dunha suplementación de crédito polo importe indicado, sendo imprescindible dotar de crédito suficiente a aplicación orzamentaria destinada á adquisición de obras de arte.

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.629.01 – Outro inmovilizado material	15.000,00€

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

En base o exposto, e visto que os gastos a efectuar, non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para cales non resulta suficiente o crédito existente, o Museo de Pontevedra SOLICITA a tramitación do expediente para a habilitación de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias, conforme o seguinte:

CONCPETO	APLICACIÓN	IMPORTE
Traballos realizados por outras empresas	333.3341.226.99 – Outros, proxecto de gasto 26_0003 BIENAL DE ARTES VIVAS 2026	50.500,00€
TOTAL CAPÍTULO II		50.500,00€
Adquisición de obras de arte	333.3330.689.01 – Adquisición de obras de arte	33.500,00€
Adquisición dun piano	333.3330.629.01 – Outro inmovilizado material	15.000,00€
TOTAL CAPÍTULO VI		48.500,00€

O que se traslada ós efectos oportunos.  
 En Pontevedra, na data da sinatura dixital



<b>EXPEDIENTE</b>	2026039032
<b>ASUNTO</b>	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 05/2026
<b>TRÁMITE</b>	PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias en materia de promoción e dinamización cultural, vén desenvolvendo distintas accións de apoio ao tecido asociativo cultural da provincia mediante o financiamento de actividades singulares de interese público, social e cultural que contribúen á promoción da cultura galega, á valorización do patrimonio cultural e á proxección exterior da provincia.

Neste contexto, considérase procedente impulsar diversas actuacións culturais promovidas por entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que presentan un marcado interese cultural e territorial, contribuíndo á descentralización da programación cultural provincial, á dinamización social e turística do territorio e á promoción da identidade cultural galega en ámbitos de relevancia autonómica e internacional.

Analizadas as actuacións propostas e a súa natureza, considérase axeitado instrumentar o seu financiamento mediante subvencións nominativas, ao tratarse de actividades singulares, concretas e determinadas, promovidas por entidades específicas que desenvolven proxectos de especial interese cultural e cunha clara vinculación co territorio provincial.

Así mesmo, resulta necesario habilitar crédito específico na aplicación orzamentaria correspondente a transferencias correntes destinadas a institucións sen ánimo de lucro.

En consecuencia, propónse a aprobación dunha modificación orzamentaria nos seguintes termos:

#### CREDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
26/330.3340.489.05	15.000,00 €	Subvención nominativas de Cultura

Así mesmo, modificar o Anexo II das bases de execución do Orzamento incorporando as seguintes subvencións nominativas na aplicación 26/330.3340.489.05 por un importe total de 15.000,00 €:



APLICACIÓN	IMPORTE	BENEFICIARIO	Obxecto e finalidade
26/330.3340.489.05	6.000,00 €	Academia Xacobeia Q1500423G	Organización das xornadas “O Camiño de Inverno na provincia de Pontevedra”, destinadas á divulgación e posta en valor do Camiño de Inverno ao seu paso pola provincia de Pontevedra, promovendo o coñecemento do patrimonio cultural e xacobeo do interior provincia
26/330.3340.489.05	4.000,00 €	Asociación de Veciños NovaMeira G72807837	Organización do “MAR DA ILLA - FESTIVAL INTERNACIONAL DAS CULTURAS”, proxecto cultural de intercambio internacional vinculado á tradición marítima e á promoción da identidade cultural galega, contribuíndo á dinamización cultural e turística da comarca do Morrazo
26/330.3340.489.05	5.000,00 €	Asociación Taller Experimental de Obra Múltiple Contemporánea G94194933	Organización do “IV MINI PRINT INTERNACIONAL GALICIA 2026”, certame internacional de gravado e obra gráfica contemporánea destinado á promoción das artes plásticas e á proxección cultural da provincia de Pontevedra en ámbitos internacionais

As actuacións propostas presentan un evidente interese público e cultural, ao contribuír á promoción da cultura galega, á valorización do patrimonio cultural e inmaterial da provincia e á proxección exterior da actividade cultural desenvolvida no territorio provincial.

En particular:

- A actividade promovida pola Academia Xacobeia contribúe á divulgación dos Camiños de Santiago na provincia de Pontevedra, especialmente do Camiño de Inverno, favorecendo o coñecemento e valorización do patrimonio xacobeo do interior provincial.
- proxecto “MAR DA ILLA - FESTIVAL INTERNACIONAL DAS CULTURAS” promove o intercambio cultural internacional e a recuperación dunha tradición cultural consolidada na parroquia de Meira, incorporando unha programación multidisciplinar de interese social e turístico.
- “IV MINI PRINT INTERNACIONAL GALICIA 2026” constitúe unha iniciativa de carácter internacional orientada á difusión da arte gráfica contemporánea e ao intercambio artístico e cultural entre creadores de distintos países.

Así mesmo, concorre o carácter singular das actuacións propostas, derivado tanto da especificidade das actividades como da identificación concreta das entidades promotoras,



non resultando susceptible a promoción dun procedemento de concorrencia competitiva ao tratarse de proxectos culturais únicos, con identidade propia e vinculados á traxectoria e actividade específica das entidades beneficiarias.

Polo tanto, considérase procedente a utilización da figura da subvención nominativa como instrumento de financiamento adecuado á natureza das actuacións.

Á vista do exposto, considérase procedente:

- A aprobación dun crédito extraordinario por importe de 15.000,00 €, financiado mediante baixa por anulación da aplicación correspondente.
- A modificación do Anexo II das Bases de Execución do Orzamento para a incorporación das subvencións nominativas anteriormente indicadas.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido nos artigos 172 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



MCC/naa

**ASUNTO: INFORME-PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL**

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento da Deputación para o exercicio 2026, e comprobando o detalle no servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1. Adecuar o orzamento do servizo, 3.000,00 €, mediante unha transferencia de crédito a aplicación orzamentaria 240.4316.227.99, co fin de facer fronte aos custos de mantemento do investimento correspondente ao programa de subvención denominado “Da túa man”, debido á insuficiencia de crédito existente para a súa correcta execución.

A Deputación provincial de Pontevedra e 11 Concellos da Provincia (A Caniza, Gondomar, Moaña, Meaño, Ponte Caldelas, O Rosal, Silleda, Salceda de Caselas, Tomiño, Poio e Ribadumia) asinaron cada seu convenio de colaboración no marco do proxecto denominado “DA TÚA MAN”, que conta co financiamento do 70% do Ministerio de Economía, Comercio y Empresa (anterior Ministerio de Industria, Comercio y Turismo) a través da convocatoria de 2021 da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización (Orde ICT/949/2021, de 10 de setembro) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextgenerationEU, (en diante Convenio).

O citado proxecto “DA TÚA MAN” finalizou a súa execución o 30 de setembro de 2023. Segundo o establecido nel, así como na Orde de subvención, temos a obriga de manter o investimento por un prazo de 5 anos dende a finalización da execución do proxecto.

O contrato de mantemento do investimento, actualmente vixente, remata o 17 de outubro de 2026, polo que resulta necesario iniciar os trámites oportunos dun novo contrato para garantir a continuidade do servizo durante un período adicional de dous anos, ata completar o prazo de mantemento esixido pola subvención, ata o 30 de setembro de 2028.

En consecuencia, no presente exercicio resulta preciso dotar a citada aplicación orzamentaria cun importe de 3.000,00 €, destinado a cubrir os custos de mantemento correspondentes aos meses restantes desde a finalización do contrato actualmente en vigor. O financiamento do resto das obrigas derivadas do novo contrato quedará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos dos exercicios aos que se estenda o mesmo.

1



Na aplicación orzamentaria a que debe imputarse o gasto non hai crédito dispoñible, en consecuencia, é preciso tramitar una transferencia de crédito co seguinte detalle:

<b>PARTIDA A MINORAR</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
26/240.4316.227.99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESA, DA TÚA MAN NO RURAL II	3.000,00 €

<b>PARTIDA A INCREMENTAR</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
26/240.4314.227.99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESA, DA TÚA MAN	3.000,00 €

2. Dotar con crédito, 10.000,00 €, a aplicación 240.2410.489.06 para a concesión dunha subvención á Asociación Clúster del Granito (G36644961) para a organización e celebración do espazo técnico denominado “Summit Arquitectura y Piedra Diputación de Pontevedra”

O sector do granito constitúe unha actividade estratéxica para Galicia pola súa relevancia económica, industrial e social, integrando preto de 300 empresas e xerando máis de 4.000 empregos directos e 8.500 indirectos. Galicia concentra arredor do 80% da produción estatal de granito, configurándose como o principal polo de referencia en España neste ámbito, cunha forte orientación cara á exportación e aos mercados internacionais. Neste contexto, a provincia de Pontevedra actúa como un dos principais enclaves produtivos e industriais do sector, ao concentrar unha parte moi significativa da cadea de valor.

Nun contexto marcado pola crecente competencia internacional e pola necesidade de reforzar a promoción do produto, resulta necesario impulsar actuacións que melloren o posicionamento, a visibilidade e proxección exterior do granito, fortalecendo ao mesmo tempo o papel estratéxico da provincia como motor industrial do sector.

Con esta finalidade, organizarase na provincia un espazo de encontro sectorial orientado á promoción, á innovación e á posta en valor do granito galego, especialmente do procedente da propia provincia, así como da súa cadea de valor. Este espazo reunirá empresas, industria auxiliar, entidades tecnolóxicas e profesionais vinculados ao sector, co obxectivo de fomentar a cooperación e contribuír á xeración de novas oportunidades de negocio e internacionalización.

O Cluster do Granito é a única entidade capacitada para desenvolver esta actuación, ao ser a organización que representa de forma transversal toda a cadea de valor do granito en Galicia, integrando os principais axentes empresariais e tecnolóxicos do sector e actuando como interlocutor de referencia para o sector.



3. Dotar con crédito, 60.500,00 €, a aplicación 240.2410.489.06 para a concesión dunha subvención á Asociación Círculo de Empresarios de Galicia (G36823094) para o desenvolvemento do programa Ponte Futuro 2026

O tecido empresarial da provincia de Pontevedra afronta o reto de reforzar os espazos de encontro, reflexión e cooperación capaces de conectar empresa, innovación, cultura e territorio, xerando unha visión compartida sobre o futuro económico e social da provincia. Neste contexto, resulta necesario impulsar actuacións que favorezan a participación do tecido empresarial e a difusión do talento e da capacidade creativa do territorio. Tamén é clave construír un relato moderno, competitivo e ambicioso arredor de Pontevedra como espazo de liderado, innovación e oportunidades.

Con esta finalidade, desenvolverase o programa Ponte Futuro 2026 de activación territorial e empresarial orientado a proxectar a provincia como referente de talento, innovación e capacidade empresarial. O programa desenvolverá actividades e encontros en distintos puntos do territorio desenvolvendo actividades tanto nos grandes polos económicos como en localidades que rara vez forman parte da axenda empresarial. Tamén favorecerá o intercambio de coñecemento, a análise de retos estratéxicos, a colaboración público-privada e a participación activa de empresas, profesionais e axentes económicos, contribuíndo ao fortalecemento do tecido empresarial e á xeración de novas oportunidades de desenvolvemento e proxección territorial.

A entidade constitúe a organización idónea para o desenvolvemento desta actuación pola súa consolidada traxectoria na creación e dinamización de foros empresariais e espazos de diálogo económico e pola súa implantación no conxunto da comunidade autónoma. Tamén pola súa capacidade para integrar empresarios, directivos e profesionais de distintos sectores, contando co respaldo de máis de 300 accionistas e arredor de 500 socios. A súa experiencia en foros de innovación, entorno socioeconómico, loxística, infraestruturas e sustentabilidade convértea no principal axente para impulsar este programa. É unha entidade capaz de activar o territorio, conectar axentes e situar a provincia na conversa sobre o seu futuro económico.

4. Dotar con crédito, 10.000,00 €, a aplicación 240.2410.489.06 para a concesión dunha subvención ao Clúster da Comunicación de Galicia (G70115282) para a celebración do Congreso de Marketing Flúor 2026.

O Clúster da Comunicación de Galicia representa ao sector da comunicación en Galicia integrado por un conxunto de 233 entidades, empresas, asociacións, centros tecnolóxicos e de formación. A súa finalidade é poñer en valor as capacidades dos seus membros e potenciar a súa competitividade a través da comunicación, a colaboración, innovación e internacionalización.



O Clúster vén desenvolvendo diversas actividades entre as cales se atopa o Congreso de Marketing Flúor, sendo a única entidade que o organiza desde o ano 2019 e que se está a posicionar como o evento de referencia a nivel nacional. No ano 2026 celébrase outra edición na cidade de Pontevedra, na que se promove a creatividade como eido de crecemento tanto a nivel profesional como de desenvolvemento económico e social.

O Clúster é a entidade que lidera este Congreso que contribúe ao desenvolvemento económico das actividades que aglutinan ao clúster da comunicación de Galicia, que é un dos sectores en auxe, apoiando a creatividade e contribuíndo á xeración de emprego de calidade e a fixación da poboación no territorio.

Por todo o anterior, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e, seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026, determínase a necesidade de incluír as seguintes modificacións de crédito no expediente de modificación de crédito 04/2026, co seguinte detalle:

1. Adecuar o orzamento do servizo, 3.000,00 €, mediante unha transferencia de crédito a aplicación orzamentaria 240.4316.227.99, co fin de facer fronte aos custos de mantemento do investimento correspondente ao programa de subvención do ano 2023 denominado “Da túa man”, debido á insuficiencia de crédito existente para a súa correcta execución.

**240\_FOMENTO DE EMPREGO**

<b>PARTIDA A MINORAR</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
26/240.4316.227.99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESA, DA TUA MAN NO RURAL II	3.000,00 €

<b>PARTIDA A INCREMENTAR</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
26/240.4314.227.99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESA, DA TUA MAN	3.000,00 €

2. Dotar con crédito, 10.000,00 €, a aplicación 240.2410.489.06 para a concesión dunha subvención ao Asociación Clúster del Granito (G36644961) para a organización e celebración do espazo técnico denominado “Summit Arquitectura y Piedra Diputación de Pontevedra”
3. Dotar con crédito, 60.500,00 €, a aplicación 240.2410.489.06 para a concesión dunha subvención á Asociación Círculo de Empresarios de Galicia (G36823094) para o desenvolvemento do programa Ponte Futuro 2026



4. Dotar con crédito, 10.000,00 €, a aplicación 240.2410.489.06 para a concesión dunha subvención ao Clúster da Comunicación de Galicia (G70115282) para a celebración do Congreso de Marketing Flúor 2026.

240_FOMENTO DE EMPREGO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
G36644961	ASOCIACIÓN CLÚSTER DEL GRANITO	10.000,00 €	SUMMIT ARQUITECTURA Y PIEDRA
G36823094	ASOCIACIÓN CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA	60.500,00 €	PONTE FUTURO 2026
G70115282	CLÚSTER DA COMUNICACIÓN DE GALICIA	10.000,00 €	CONGRESO DE MARKETING FLÚOR 2026

*Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.*

#### INTERVENCIÓN (ORZAMENTOS, PLANS E URBANISMO).-



MAG/SFL

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.-DOTAR CON CRÉDITO A APLICACIÓN 2026/942.9420.762.89 PARA COFINANCIAR OS PLANS DE ACTUACIÓN INTEGRADOS DOS CONCELLOS BENEFICIARIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO MARCO DA CONVOCATORIA "PLANS EDIL "FINANCIADA CON FONDOS FEDER

No BOE do 7 de outubro de 2024 publicouse a Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027. O 30 de decembro de 2024 publicouse o extracto da resolución de 23 de decembro de 2024 da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios polo que se aproba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais.

A Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, establece no seu artigo primeiro e onceavo que a senda financeira destinarase á financiación de operacións para levar á práctica o Plan de Actuación Integrado (en adiante nas súas siglas, PAI) cuxo obxecto será fomentar o desenvolvemento sostible e integrado dende unha tripla perspectiva: física e medioambiental, económica e social. Por outro lado, no seu artigo 5 e Anexo I establécense tres categorías de beneficiarios: gran cidade, cidade intermedia e área urbana funcional.

Na Resolución de 16 de xaneiro de 2026, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER aos PAI de entidades locais, foron concedidas máis de 58.497.675 de euros de senda financeira FEDER a 7 cidades intermedias e 4 Áreas Urbana funcionais da provincia de Pontevedra, o que supón un orzamento subvencionable de 97.496.123 euros e dunha cofinanciación de 38.998.449,20 € por parte das



entidades locais da provincia equivalente ao 40% do orzamento total subvencionable.

*Táboa 1. Senda financeira concedida aos PAIs de cidades intermedias e Áreas Urbanas Funcionais da provincia de Pontevedra*

Categoría beneficiario	Entidad solicitante	1. Inversión pública correspondiente	2. Senda FEDER asignada (60% (1))	3. Cofinanciación (40% (1))
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Redondela	8.288.738,00 €	4.973.243,00 €	3.315.495,20 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Lalín	10.912.880,00 €	6.547.728,00 €	4.365.152,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Marín	10.912.880,00 €	6.547.728,00 €	4.365.152,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De O Porriño	10.912.880,00 €	6.547.728,00 €	4.365.152,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De A Estrada	10.000.000,00 €	6.000.000,00 €	4.000.000,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Pontearreas	10.912.880,00 €	6.547.728,00 €	4.365.152,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Vilagarcía De Arousa	6.454.853,00 €	3.872.912,00 €	2.581.941,20 €
3. AUF	Diputación Provincial De Pontevedra - Val Miñor	7.275.253,00 €	4.365.152,00 €	2.910.101,20 €
3. AUF	Ayuntamiento De Tomiño / O Rosal	7.275.253,00 €	4.365.152,00 €	2.910.101,20 €
3. AUF	Ayuntamiento De Tui / Salvaterra	7.275.253,00 €	4.365.152,00 €	2.910.101,20 €
3. AUF	Ayuntamiento De Vilanova De Arousa/Valga/Pontecesures/Catoira	7.275.253,00 €	4.365.152,00 €	2.910.101,20 €
		<b>97.496.123,00 €</b>	<b>58.497.675,00 €</b>	<b>38.998.449,20 €</b>

As actuacións recollidas nos PAI da provincia abarcan distintos ámbitos de intervención que abranguen as seguintes accións:

- Acción 1. Dixital e dinamización económica
  - 1.1 Solucións TIC para a transformación da administración local e o desenvolvemento da Smart City
  - 1.2 Dinamización económica
- Acción 2. Enerxía e medio ambiente
  - 2.1 Eficiencia enerxética
  - 2.2 Enerxía renovable
  - 2.3 Mobilidade urbana sostible
  - 2.4 Adaptación ao cambio climático e prevención do risco de catástrofes
  - 2.5 Recursos Hídricos
  - 2.6 Xestión de residuos: economía circular
  - 2.7 Loita contra a descontaminación e mellora de espazos urbanos naturais
- Acción 3. Inclusión social.
  - 3.1 Inclusión social
- Acción 4. Patrimonio urbano, turismo e cultura
  - 4.1 Rehabilitación e protección do patrimonio urbano, e promoción do turismo e a cultura



**Táboa 2. Orzamento subvencionable, senda FEDER, cofinanciación Deputación de Pontevedra e cofinanciación Concellos dos PAIs da provincia de Pontevedra de Cidades Intermedias e Áreas Urbanas Funcionais\***

Categoría beneficiario	Entidad solicitante	1. Inversión pública correspondiente	2. Senda FEDER asignada (60% (1))	3. Cofinanciación (40% (1))	4. Cofinanciación Deputación de Pontevedra (20% de (1))	5. Cofinanciación concellos (20% de (1))
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Redondela	8.288.738,00 €	4.973.243,00 €	3.315.495,20 €	1.657.747,60 €	1.657.747,60 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Lalín	10.912.880,00 €	6.547.728,00 €	4.365.152,00 €	2.182.576,00 €	2.182.576,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Marín	10.912.880,00 €	6.547.728,00 €	4.365.152,00 €	2.182.576,00 €	2.182.576,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De O Porriño	10.912.880,00 €	6.547.728,00 €	4.365.152,00 €	2.182.576,00 €	2.182.576,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De A Estrada	10.000.000,00 €	6.000.000,00 €	4.000.000,00 €	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Pontearas	10.912.880,00 €	6.547.728,00 €	4.365.152,00 €	2.182.576,00 €	2.182.576,00 €
2. C. Intermedia	Ayuntamiento De Vilagarcía De Arousa	6.454.853,00 €	3.872.912,00 €	2.581.941,20 €	1.290.970,60 €	1.290.970,60 €
3. AUF	Ayuntamiento De Tomiño / O Rosal	7.275.253,00 €	4.365.152,00 €	2.910.101,80 €	1.455.050,60 €	1.455.050,60 €
3. AUF	Ayuntamiento De Tui / Salvaterra	7.275.253,00 €	4.365.152,00 €	2.910.101,80 €	1.455.050,60 €	1.455.050,60 €
3. AUF	Ayuntamiento De Vilanova De Arousa/Valga/Pontecesures/Catoira	7.275.253,00 €	4.365.152,00 €	2.910.101,80 €	1.455.050,60 €	1.455.050,60 €
		<b>90.220.870,00 €</b>	<b>54.132.523,00 €</b>	<b>36.088.348,00 €</b>	<b>18.044.174,00 €</b>	<b>18.044.174,00 €</b>

\*Non se inclúen os datos financeiros relativos ao PAI Val Miñor que xa foi obxecto dunha modificación de crédito no curso deste 2026, en tanto que no marco do mesmo, a Deputación de Pontevedra é entidade beneficiaria.



A Deputación de Pontevedra co gallo de contribuír á promoción de investimentos que posibiliten o desenvolvemento urbano cohesionado no conxunto da provincia, decide contribuír ao igual que fai no marco do PAI Val Miñor 15 minutos (do cal é entidade beneficiaria) a realizar unha achega do 50% da cofinanciación dos PAIs aprobados das Cidades Intermedias e Áreas Urbanas Funcionais da provincia. Esta contribución fundamentase no exercicio da competencia de asistencia e cooperación económica aos municipios (Art. 36.1.b LRRL), posto que as cidades intermedias e AUFs a diferenza das grandes cidades, contan cunha menor capacidade económica e técnica relativa, que lles permita absorber e executar a senda financeira asignada.

Así pois, as aportacións aos PAIs quedarán configurados do seguinte modo:

- O FEDER aportará o 60% do orzamento subvencionable.
- Os Concellos aportarán o 20% do orzamento subvencionable.
- A Deputación de Pontevedra aportará o outro 20% do orzamento subvencionable.
- Os Concellos aportarán así mesmo o 100% da achega municipal adicional que sexa necesaria para cubrir os custos non subvencionables das actuacións.

Tendo en conta que a Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro establece no seu artigo noveno que o período de execución do PAI abarca até o 31 de decembro de 2029, sen prexuízo das posibles prórrogas que, no seu caso, poidan derivarse da aplicación da normativa comunitaria relativa á regra N+3 ou de eventuais modificacións que autorice a Autoridade de Xestión, a Deputación de Pontevedra estima convinte facer un primeiro desembolso desa axuda para o ano 2026 por un importe total de 6.500.000 € da achega provincial total.

Esta achega provincial constitúese como un mecanismo de garantía operativa para asegurar o despregue dos PAIs e o cumprimento dos fitos de xustificación establecidos na orde de bases. Ao dotar estes fondos en 2026, a Deputación permite que os concellos conten coa plena dispoñibilidade orzamentaria esixida polo artigo 116 da LCSP para iniciar de inmediato as licitacións de obras complexas. Esta previsión orzamentaria anticipada é a unha vía óptima para asegurar a execución material real que protexa os fondos europeos ante os prazos e fitos de xustificación establecidos no artigo 23 da Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro.



## CONCLUSIÓN

Á vista do anterior, cómpre que se fagan os trámites oportunos para dotar do crédito necesario a aplicación orzamentaria correspondente para facer fronte ás necesidades de financiamento expostas, de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026.

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<u>2026/942.9420.762.89</u>	ACHEGAS A CONCELLOS, INVESTIMENTOS PROXECTOS EDIL (UE)_COOPERACIÓN (Finanzamento proxectos EDIL 2026)	6.500.000,00 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe de Servizo, Marcos Areán González, e a Directora de Proxectos Europeos,  
Susana Fernández López

Conforme, o deputado delegado de Fondos Europeos, Javier Tourís

## INTERVENCIÓN





EXPEDIENTE	2026039032
ASUNTO	M.C. 04/2026, EXPEDIENTE DE M. CRÉDITOS: CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE TURISMO

O servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra desenvolve a promoción dos recursos e infraestruturas turísticas do destino *Rías Baixas*, a través de competencias tales como a organización e realización de accións encamiñadas a atraer o turismo.

Unha destas accións consiste na recuperación, consolidación e mellora das estruturas dos xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra.

Aprobado o Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026 polo Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria celebrada o 26.12.2025, constátase que non existe crédito suficiente na aplicación 433.3361.227.99 (*Traballos realizados por outras empresas xacementos*), Polo exposto, e de conformidade coa normativa vixente en materia orzamentaria e financeira das administracións públicas

#### SOLICÍTASE

A suplementación de crédito na aplicación orzamentaria aplicación 433.3361.227.99 (*Traballos realizados por outras empresas xacementos*), polo importe que se especifica a continuación:

#### SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
26/433.3361.227.99	142.000,00 €	Traballos realizados por outras empresas Turismo

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



SVV/dc

EXPEDIENTE	2026039032
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 3/2026
TRAMITE	PROPOSTA DE TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

A xefa do Servizo de Benestar Social, en relación á planificación orzamentaria do mesmo, emite o seguinte informe:

#### ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, está desenvolvendo durante este exercicio 2026 unha liña de subvencións dirixida a entidades sen ánimo de lucro co fin de promover a adquisición ou adaptación de vehículos destinados á mellora dos servizos e programas prestados no ámbito dos servizos sociais e sociosanitarios, promovida baixo a denominación *“Convocatoria de bases reguladoras de subvencións a entidades de iniciativa social d a provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026”*, e publicada no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra o 21 de xaneiro de 2026.

A finalidade desta convocatoria consiste en dar cobertura a persoas en situación de vulnerabilidade favorecendo o acceso a un vehículo para atender ás necesidades de transporte de persoas (adaptado para persoas con discapacidade ou non adaptado) e transporte de mercadorías para reparto de alimentos, roupa...

A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.78901 do orzamento xeral da Deputación para 2026, ascende a 500.000,00 euros.

A posta en marcha desta iniciativa, e a conseguinte tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da mesma, revelaron tanto a necesidade latente das entidades de iniciativa social como a boa acollida desta liña de subvencións, constatándose que o número de solicitudes que compren os requisitos definidos nas bases superan a dispoñibilidade orzamentaria inicialmente prevista polo que, co obxectivo de atender ao maior número posible de entidades beneficiarias, se considera necesario incrementar o crédito consignado para esta finalidade, sendo así que o crédito dispoñible na indicada aplicación orzamentaria non conta con crédito suficiente, polo que resulta precisa a tramitación dun suplemento de crédito.



A insuficiencia de crédito responde, pois, a unha maior demanda da inicialmente estimada, o cal non puido preverse con maior exactitude na fase de elaboración do orzamento e das bases da convocatoria, sendo así que a relevancia social destas axudas e o interese suscitado polas mesmas fan que resulte necesario habilitar un suplemento de crédito a fin de atender a totalidade –ou o maior número posible– de solicitudes presentadas e que compren cos requisitos.

Ascendendo o crédito inicial a 500.000,00 euros, se propón unha modificación orzamentaria á alza por importe de 180.000,00 co carácter de suplemento de crédito.

SEGUNDO.– Por outra banda, o Servizo de Benestar Social está traballando en iniciativas que promovan a inclusión e a participación activa e o benestar das persoas con discapacidade, para o cal se deseñou un programa de ocio inclusivo que, baixo a denominación “INCLUSIÓN E LECER”, ofrecerá varias tipoloxías ou liñas de actuación: “Saídas”, “Tempo de ocio” e “Actividades” encamiñadas todas elas a favorecer a este colectivo, a través das asociacións e entidades que traballan no eido da inclusión social.

A dotación económica para esta nova actuación se valora en 250.000,00 euros, tomando como referencia o importe de 2.500,00 euros por cada entidade solicitante, ata un máximo de cen solicitudes, para o cal se propón un suplemento de crédito polo dito importe na aplicación orzamentaria 26/231.2311.48005.

TERCEIRO.– Para a financiación das modificacións orzamentarias mencionadas, se propón a tramitación de unha baixa por anulación na aplicación 231/2313/46200\_2025 polo importe necesario para facer fronte ao gasto previsto.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

De conformidade co artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os suplementos de crédito teñen por obxecto atender gastos específicos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, cando o crédito consignado sexa insuficiente.

O artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, define os suplementos de crédito como aquelas modificacións do orzamento de gastos nos que, concorrendo as mesmas circunstancias que no crédito extraordinario, o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación (Artigo 158.1 LRHL).



Considerando o exposto, PROPONSE

-A tramitación dunha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito por importe de 180.000,00 na seguinte aplicación orzamentaria:

MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Suplemento crédito	231.2311.78901	Bases para a adquisición de vehículos entidades de iniciativa social	180.000,00

-A tramitación dunha modificación de crédito a través de suplemento de crédito para a financiación do programa "INCLUSIÓN E LECER":

MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Suplemento crédito	231.2311.48005	Desenvolvemento social comunitario	125.000,00

FINANCIACIÓN MEDIANTE BAIXA POR ANULACIÓN:

MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Baixa anulación por	231.2313.46200/2025	Servizos sociais comunitarios	305.000,00

Asinado dixitalmente á marxe



<b>EXPEDIENTE</b>	2026039032
<b>ASUNTO</b>	SOLICITUDE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS 4/2026
<b>TRÁMITE</b>	Informe para modificación orzamentaria (Suplemento de crédito)

## FEITOS

O servizo de Novas Tecnoloxías necesita realizar durante o presente ano 2026 proxectos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e non sendo suficiente a consignación de gastos do orzamento corrente precísase solicitar un suplemento de crédito.

## INFORME

A relación de proxectos, os importes e a correspondente aplicación orzamentaria do servizo de Novas Tecnoloxías que se necesitan complementar son as seguintes:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
26/926.9260.208.00	ARRENDAMENTO DE OUTRO INMOV. MATERIAL_ NOVAS TECNOLOXÍAS (Licenzas Citrix)	50.000,00€
26/926.9260.226.99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS_ NOVAS TECNOLOXÍAS (Adecuación normativa ENS para Deputación: 40.000€; Mantemento hardware Hyperflex:25.000€; Migración do actual sistema de correo electrónico Microsoft Exchange: 51.000€)	116.000,00€

No referente ás licenzas Citrix, son o software que permite que o sistema de escritorios virtuais (teletraballo) na Deputación sexa posible, a partir do 15 abril de 2026 a empresa propietaria de Citrix introduce un cambio no sistema de licenciamiento, esta circunstancia obriga a dotar cun maior importe este subministro de licenzas.

Respecto ao servizo de apoio na adecuación normativa (ENS) para a mellora da seguridade nos concellos da provincia de Pontevedra xa se contemplara na confección do orzamento para este ano 2026 dirixida aos concellos da provincia, pero non para a propia deputación, feito que se corrixe agora xa que a entidade provincial non pode quedar ao marxe dos servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos. En canto ao mantemento do hardware hyperflex o orzamento



previsto inicialmente para cubrir este gasto resulta insuficiente dados os prezos actuais. Finalmente a migración do actual sistema de correo electrónico Microsoft Exchange cara a plataforma de correo electrónico Cloud de Microsoft Azure permitirá modernizar o servizo, reforzar a súa dispoñibilidade e facilitar a súa evolución futura.

Proponse, polo tanto a modificación de crédito descrita mediante un suplemento de crédito de conformidade co establecido no artigo 177 do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

Asinado dixitalmente ao marxe



Asunto	Modificación de crédito 04/2026
Trámite	Proposta creación aplicación orzamentaria no servizo de Deportes

Aprobado o Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026 polo Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria celebrada o 26.12.2025, dende o servizo de Deportes constátase a necesidade de crear a partida 340.3410.489.17 (Fomento do Deporte).

Polo exposto, e de conformidade coa normativa vixente en materia orzamentaria e financeira das administracións públicas

### SOLICITASE

A creación da partida 340.3410.489.17 polo importe que se especifica a continuación:

Aplicacións	Denominación	Importe
340.3410.489.17	Fomento do Deporte. Con esta aplicación preténdese fomentar o fútbol sala e outros deportes similares.	43.000,00 €

*Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.*





**RC\_MOD**

Número de documento **12026000102756**

Fecha de anotación **19/05/2026**

Referencia

Periodo **2026**

Fecha Anotación Contable **19/05/2026**

Organo de Aprobación

Fecha de Aprobación

Referencia de Aprobación

Retención de Crédito para modificaciones

Descripción	Valor
IMPORTE PRESUPUESTARIO	3.000,00 €
IVA SOPORTADO DEDUCIBLE	0,00 €
IVA SOPORTADO NO DEDUCIBLE	0,00 €
TOTAL RETENCIONES	0,00 €
IMPORTE LÍQUIDO	3.000,00 €

Area Gestora **000/AREA CENTRALIZADA**

Periodo	Rem	Anualidad	Aplicación Presupuestaria	Denominación	Proyecto	Importe	PGCP
2026			240/4316/22799	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRES, DA TUA MAN NO RURAL II	92310006 92310006 - DA TÚA MAN NO RURAL II (NEXT GENERATION UE, M.I.COMERCIO Y TURISMO)	3.000,00	629

Descripción **EXP. M. CRÉDITOS 04/2025, FINANCIACIÓN C. EXTRA MANTEMENTO INVERSIONES PROXECTO 92210002 DA TUA MAN, (240-4314-227.99)**

Importe en Letras **# tres mil euros #**

Firmado por: \*\*\*2296\*\* ANTONIO GRANA (R: P36000000H)  
Cargo: Interventor  
Data: 19/05/2026 12:20





**RC\_MOD**

Número de documento **12026000102770**

Fecha de anotación **19/05/2026**

Referencia

Periodo **2026**

Fecha Anotación Contable **19/05/2026**

Organo de Aprobación

Fecha de Aprobación

Referencia de Aprobación

Retención de Crédito para modificaciones

Descripción	Valor
IMPORTE PRESUPUESTARIO	305.000,00 €
IVA SOPORTADO DEDUCIBLE	0,00 €
IVA SOPORTADO NO DEDUCIBLE	0,00 €
TOTAL RETENCIONES	0,00 €
IMPORTE LÍQUIDO	305.000,00 €

Area Gestora **000/AREA CENTRALIZADA**

Periodo	Rem	Anualidad	Aplicación Presupuestaria	Denominación	Proyecto	Importe	PGCP
2026	2025		231/2313/46200/2025	SERV. SOCIAIS COMUNITARIOS		305.000,00	6511

Descripción

EXP. M. CRÉDITOS 04/2025, FINANCIACIÓN SUPLEMENTOS BENESTAR SOCIAL: INCLUSIÓN E LECER + "IMPULSA BENESTAR" PARA ADQUISICIÓN VEHÍCULOS ADAPTADOS OU ADAPTACIONES

Importe en Letras

# trescientos cinco mil euros #

Firmado por: \*\*\*2296\*\* ANTONIO GRANA (R: P3600000H)  
Cargo: Interventor  
Data: 19/05/2026 12:20

